

O verbo

- 1 Subliña as formas verbais que atopas nesta noticia.

Comarcal13 de febreiro de 2016

Un león solto no barrio do Milleiral

Un veciño da comarca levou hoxe un gran susto. Xosé S. camiñaba cara á panadería cando se cruzou cun león na rúa. «Crin que me ía comer!» declarou o home. «Pero seguíu o camiño e telefonei a policía.»

Parece que o león escapou do zoolóxico e chegou ao barrio. «Por sorte, conseguimos capturalo sen risco coa axuda dos responsables do zoo», asegurou un dos axentes que participaron na captura.

- 2 Localiza no texto anterior unha forma verbal axeitada a cada caso e cópiaa.

- 1.^a persoa de singular ► _____
- 1.^a persoa de plural ► _____
- 3.^a persoa de singular ► _____
- 3.^a persoa de plural ► _____

- 3 Separa a raíz e a desinencia de cada forma verbal. Despois, anota o infinitivo e a conjugación.

- tocaba ► tocar, 1.^a conjugación
- debatían ► _____
- sabías ► _____
- pensaron ► _____
- fuxían ► _____
- uliu ► _____

- 4 Completa coas formas non persoais que se indican entre parénteses.

- Se non saes _____, non dás _____ a tempo.
(correr, xerundio) (chegar, participio)

- REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **verbos** son palabras que expresan accións ou estados e que os sitúan no tempo. A forma con que se nomea un verbo é o **infinitivo** e o conxunto de todas as formas dun verbo é a **conjugación**.

As **formas verbais** constan dunha **raíz**, polo xeral común ao resto da conjugación, e dunhas **desinencias**, que informan do número e da persoa da forma verbal.

As formas verbais que non teñen persoa denomínanse **non persoais**. Son o **infinitivo**, o **xerundio** e o **participio**.